

AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS MEDIEVAIS

- **Datas clave.**

Límites cronolóxicos da Idade Media:

476 d.C. Caída do Imperio Romano de Occidente. Rómulo Augústulo é deposto por Odoacro.

1453 d.C. Caída de Constantinopla, capital do Imperio Bizantino, en poder dos turcos.

1492 d.C. “Descubrimento” de América por Cristóbal Colón.

Etapas:

SS. V-X d.C. Alta Idade Media.

SS. XI-XIII d.C. Plena Idade Media.

SS. XIV-XV d.C. Baixa Idade Media.

1.- O Imperio Bizantino.

1.1.- Evolución territorial.

No 476 d.C, ao comezo da Idade Media, o Imperio ocupa a área dos Balcáns, Grecia, Asia Menor, Siria e Exipto.

Xa no S. VI d.C., Xustiniano (527-565 d.C.) pretende restablecer a unidade do Antigo Imperio Romano. Conquista extensos territorios (sur da Península Ibérica, norte de África, Península de Italia e parte dos Balcáns), pero pérdense á súa morte.

No S. VII d.C. redúcese o Imperio polas conquistas dos turcos; pérdense Siria, Palestina e Exipto.

A partir do S. XI d.C. o Imperio entra en crise, ata a caída de Constantinopla.

1.2.- Organización política.

O emperador (Basileus) ten poder absoluto.

Ademáis, cada provincia conta cun xefe político e militar.

Xustiniano recompila toda a lexislación no “Corpus Iuris Civilis”.

A Igrexa está vencellada ao poder político. Encárgase de coroar ao Emperador e controla espiritualmente á sociedade.

Entre os SS. VIII-XI d.C. enfróntase a dous grandes problemas. En primeiro lugar, as loitas iconoclastas (SS: VIII-IX d.C); o Emperador pretende reducir o poder da Igrexa a través da prohibición do culto ás imaxes sagradas, pero non o consegue.

O Cisma de Oriente (1054 d.C.) parte do enfrontamento entre o Patriarca de Constantinopla e o Papa de Roma; o primeiro quere ter tanto poder coma o segundo, como cabeza da Igrexa do Imperio Oriental; ante a negativa do Papa de Roma prodúcese a ruptura, coa creación da Igrexa Ortodoxa na área bizantina, fronte á Católica occidental.

1.3.- Economía e sociedade.

Os sectores produtivos máis importantes para Bizancio son a agricultura, a artesanía e o comercio.

No que se refire á agricultura, a produción de alimentos é a actividade máis importante. A propiedade da terra estrutúrase en latifundios, grande extensións en mans dos grupos poderosos (aristocracia e clero) que son traballadas polos servos ou os escravos.

A artesanía céntrase na produción de elementos de luxo.

Por último, Constantinopla, a capital do Imperio, é unha ponte para o comercio entre Europa e Asia. De Oriente chegan produtos de luxo, lixeiros e de moito valor (sedas, especias...), mentres que de Occidente chegan produtos básicos, pesados e baratos (peles, cereais...).

En canto á organización social, estamos ante unha sociedade estamental, na que a posición ven determinada polo nacemento e non tanto pola riqueza. Na súa cabeza atópase o Basileus que, como xa comentamos, goza de poder absoluto. A continuación, a aristocracia e o alto clero conforman os grupos privilexiados; son propietarios de grandes extensións de terras e gozan de certo poder delegado polo emperador.

Nun terceiro chanzo atopamos funcionarios, baixo clero, comerciantes ricos e campesiños libres.

Na base da pirámide, os grupos máis pobres son os servos e os escravos, que dependen dos grandes propietarios e dos grupos privilexiados, e traballan as súas terras.

1.4.- Manifestacións artísticas.

- Arquitectura.

Os rasgos definitorios da arquitectura bizantina son os seguintes:

Uso de materiais pobres para a estrutura dos edificios, como o ladrillo (peza de barro e palla de forma rectangular, secada ao sol), inda que logo se recubren con materiais ricos para darlles un aspecto suntuoso.

Columnas como elementos de soporte. Son elementos arquitectónicos verticais con sección circular; soportan o peso da estrutura do edificio, inda que tamén poden ter unha función meramente decorativa.

Arcos de medio punto. Son elementos de soporte de forma curva. As pedras que o forman denomínanse doelas, e a central chámase clave.

Cubertas cupuladas. Permiten cubrir diferentes superficies con bóvedas semiesféricas. O paso dunha planta cadrada a unha cuberta cupulada faise a través de triángulos esféricos chamados pendentes.

As prantas máis características das igrexas son as de cruz grega, nas que todos os brazos son iguais, a diferenza da cruz latina. Dúas das igrexas máis coñecidas son San Vital de Rávena e Santa Sofía de Constantinopla.

- Mosaicos.

Imaxes formadas por teselas (pequenas pezas de cores, de distintos materiais, como pedra, vidro, cerámica, ouro, etc.).

A decoración realizada con mosaicos denomínase musivaria.

- Iconas.

Imaxes relixiosas da arte cristiá ortodoxa. Adoitan ser pinturas sobre táboa.

Caracterízanse pola escasa importancia da forma, a ausencia de realismo, os fondos dourados, e unha temática de grande influencia na arte posterior (Virxe co Neno, Deus todopoderoso, vidas de santos, etc.).

2.- Os reinos xermánicos.

2.1.- Asentamento.

Tras a caída do Imperio Romano de Occidente (476 d.C.), os pobos xermánicos desprázanse desde o noreste de Europa cara a suroeste e forman reinos independentes no seu territorio.

- Consecuencias. (esquema da páx. 20)

2.2.- O reino franco.

- Evolución.

No 481 d.C., Clodoveo funda a dinastía merovinxa tras instalarse no norte da Galia.

Xa no 751 d.C., Pipino o Breve funda a dinastía carolinxa tras depoñer ao derradeiro rei merovinxo.

Entre o 768 e o 814 d.C., Carlomagno pretende restablecer a unidade do Imperio

Romano de Occidente. No 800 d.C. é coroado emperador.

O imperio chega a súa fin no 843 d.C. Nese ano, Luís o piadoso divídeo entre os seus fillos, Carlos o Calvo, Lotario e Luís o Xermánico.

- Organización.

No que respecta ao goberno, o emperador ten o poder absoluto. Ademais, divide o imperio para facilitar a administración (condados e marcas).

Na economía, a actividade máis importante é a agricultura; do mesmo xeito que en Bizancio, a terra estrutúrase en grandes latifundios en mans da aristocracia.

A decadencia do mudo urbano conleva que o comercio quede reducido a produtos de luxo.

A sociedade tamén se estrutura en estamentos. No nivel superior sitúanse a nobreza e o alto clero; son propietarios das terras e ocupan os cargos máis importantes no goberno e na administración.

No nivel intermedio están os campesiños, os artesáns e os comerciantes, persoas libres.

No último chanzo, ao igual que en Bizancio, os servo vinculados á terra.

2.3.- A situación na Península Ibérica.

- Suevos.

O Emperador Honorio encárgalles a protección da provincia de Gallaecia.

Entre o 438 e o 448 d.C. expándense polas provincias da Bética e a Lusitania con Requila.

Do 448 ao 456 d.C., Requiario expande o seu territorio polo norte, ocupando as terras de astures e vascóns. Ao final do seu reinado, a extensión do reino suevo redúcese á antiga Gallaecia.

No 585 d.C. Leovixildo, rei dos visigodos, somete aos suevos e intégraos no seu reino.

- Visigodos.

O reino ten a súa capital en Tolosa entre o 418 e o 507 d.C. No 418 d.C., os visigodos acordan con Roma a defensa do sur da Galia. A súa máxima extensión acádase con Eurico (440-484 d.C.).

A derrota ante os francos en Vouillé (507 d.C.) leva a que a capital se traslade a Toledo.

O reino de Toledo subsiste ata o 711 d.C. Leovixildo (569-586 d.C.) somete os pobos do norte (suevos, cántabros e astures), e integra os visigodos coa poboación hispanorromana.

Polo III Concilio de Toledo (589 d.C.), Recaredo, rei dos visigodos, convírtese ao cristianismo. Ademais, no 654 d.C. Recesvinto compila a lexilación no Foro Xuzgo.

O final do reino visigodo está marcado pola derrota fronte aos musulmáns, no 711 d.C.

- Organización.

A forma de goberno é a monarquía electiva. O Consello do rei coñécese como Aula Rexia.

A principal actividade económica é a agricultura. Os latifundios están en mans do clero e da nobreza. Na Meseta desenvólvese a gandaría transhumante.

A sociedade é similar á do reino franco.

3.- O Islam.

3.1.- Precedentes.

O Islam xorde en Arabia, territorio desértico no Oriente Próximo.

No S.VII d.C. Viven nese territorio diversas tribos enfrontadas. Por un lado, as do interior son nómades e fetichistas, que consideran que algúns obxectos teñen poderes sobrenaturais. Por outra banda, as da costa son sedentarias e politeístas, polo que cren na existencia de varios deuses.

Malia as súas diferencias, todos os pobos árabes teñen en común a lingua árabe e o culto á Pedra Negra.

3.2.- Relixión.

O Islam é a submisión a Alá, o único Deus. Mahoma é o seu profeta, que no 610 d.C. Recibe a revelación do arcanxo Gabriel. Á súa morte, no 632 d.C., a relixión recompírase no Corán.

No Islam hai cinco preceptos básicos: profesion de fe; oración cinco veces ao día cara a Meca, e oración comunitaria os venres; esmola aos necesitados; xaxún no mes de Ramadán; peregrinación á Meca, unha vez na vida.

En canto ás normas de comportamento, a poligamia está aceptada. Prohíbense os xogos de azar, o consumo de alcohol e a carne de porco.

3.3.- Expansión.

Iníciase durante os últimos anos da vida de Mahoma (622-632 d.C.). A fuxida de Mahoma da Meca cara Medina (622 d.C. Hélixira) considérase o inicio do calendario musulmán. No 630 conquista a Meca. No 632 d.C. case toda Arabia está baixo dominio musulmán.

Á súa morte iníciase o Califato ortodoxo (632-661 d.C.). Os califas (Abu Bakr, Omar, Utman e Alí) son sucesores directos de Mahoma. O Califa é o sucesor do profeta. Establecen a capital en Medina e conquistan Siria, Palestina, Exipto, parte do norte de África, Mesopotamia e Persia.

O Califato Omeia (661-750 d.C.) iníciase tras o asasinato do último califa ortodoxo. A capital trasládase a Damasco. Aquí temos a máxima expansión do Imperio, chegando ao norte de África e á Península Ibérica cara occidente, e ao Turquestán e o Val do Indo cara oriente.

Por último, co Califato Abasí (750-1055 d.C.) a capital trasládase novamente a Bagdad. Detense a expansión coas conquistas de Sicilia e Creta. Remata coa conquista dos turcos.

3.4.- Administración.

O Califa concentra o poder político e relixioso. Ten, xa que logo, poder absoluto (goberna, administra xustiza e dirixe o exército).

O Visir é o primeiro ministro. Dirixe os funcionarios como delegación do Califa.

O Emir é gobernador das provincias ou "koras" nas que se divide o imperio.

O Cadí é un xuíz delegado para administrar xustiza polo califa.

Por último, o Diwan é o tesoureiro real, encargado de recadar impostos.

Hai dous tipos de impostos: a yizya, ou imposto persoal para os non musulmáns (moitos "dimmíes" convírtense á nova fe para non pagalo), e o jaray, ou imposto pola cantidade de terras posuídas.

3.5.- Economía.

A agricultura é a base da economía. Existe diversidade de cultivos: alimentos (trigo, arroz, cana de azucre, cítricos e verduras); especias (azafrán); fibras téxtiles (algodón ou moreira).

Tamén aportan novas técnicas agrarias, como o regadío con noras, canles, pozos e alxibes, ou os cultivos mediante socialcos.

A propiedade da terra divídese entre os antigos propietarios, que a manteñen na súa maioría tras a conquista polo califato a cambio de impostos, e o califa, que recibe unha quinta parte das terras.

A artesanía desenvólvese en pequenos talleres que fabrican e venden os seus produtos. Destacan os tecidos, alfombras, tapices, coiros, cerámica, metal e papel.

No que respecta ao comercio as rutas comerciais unen todas as partes do imperio tanto por terra como por mar. Predominan os artigos de luxo. Para os intercambios empregan o dinar, pero tamén a letra de cambio e o cheque.

3.6.- Sociedade.

As dúas características que a diferencian da bizantina ou dos reinos xermánicos son a diversidade étnica (árabes, bérberes, escravos de diversa procedencia) e a diversidade relixiosa (musulmáns, cristiáns, xudeos).

A aristocracia é fundamentalmente árabe. Son grandes propietarios e ocupan os cargos máis importantes do goberno e da administración.

A súa alimentación é moi diversa e completa, o que reduce o risco de padecer enfermidades.

As vivendas organízanse en torno a un amplo patio; soen ter dúas plantas, e homes e mulleres ocupan espazos diferenciados; mentres que os primeiros se sitúan nos espazos máis próximos á entrada, as segundas sitúanse no harén, na parte traseira da casa.

As clases populares, campesiños, artesáns e comerciantes libres, poden ser conversos (mawalis) ou “homes do Libro” (dimmíes); estes últimos poden conservar as súas formas de vida, costumes e leis.

Os escravos son prisioneiros de guerra ou adquiridos a través do comercio.

A alimentación dos grupos populares é básica e precaria, a base de cereais.

As vivendas son moi reducidas, cun so piso e as habitacións distribuídas en torno a un pequeno patio, e con varias funcións cada unha delas (salón, dormitorio, etc.).


3.7.- Urbanismo.

As características fundamentais da cidade son as seguintes: están rodeadas de murallas; teñen un plano irregular; o núcleo da cidade chámase medina. No seu interior destacan a alcazaba (fortaleza defensiva), o palacio, a mesquita, o zoco (mercado) e os baños.

3.8.- Arte islámica.

- Tipoloxías de edificios.

Mesquita, palacio, mausoleo e madrasa.



- Tipos de decoración.

O Islam prohíbe a representación de figuras humanas e animais.

Malia que a estrutura dos edificios se fai con materiais pobres, logo recúbrense con materiais ricos.

A decoración pode ter carácter vexetal (ataurique), xeométrica (lacería) ou epigráfica.